



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

Sendo necesario proceder á contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, de dous PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada: obra ou servizo, a xornada completa (100%), desde o próximo día 16 de abril de 2018 ata o 15 de outubro de 2018, subvencionada ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2017, "Programa Depuemprego 2017", da Excma. Deputación de Lugo, publicado no BOP de Lugo número 74, de 30 de marzo de 2017.

Visto o art. 21.1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

RESOLVO

1º.- Prestar aprobación ás bases para a contratación laboral temporal, de dous peóns de mantemento de zonas naturais, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada: obra ou servizo, a xornada completa (100%), desde o próximo día 16 de abril de 2018 ata o 15 de outubro de 2018, subvencionada ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2017, "Programa Depuemprego 2017", da Excma. Deputación de Lugo, publicado no BOP de Lugo número 74, de 30 de marzo de 2017

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DOUS PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS, A XORNADA COMPLETA (100%), CON ADSCRICIÓN Ó SERVIZO DE OBRAS E MANTEMENTO DO CONCELLO DO VICEDO.

1º.- NORMAS XERAIS.-

A selección rexerase polo previsto nestas bases, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Texto refundido da lei do Estatuto básico do emprego público, Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas urxentes para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/88, do 28 de xullo, Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, Real Decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, Real Decreto 364/95, Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ao Plan provincial único de cooperación cos concellos 2017, "Programa Depuemprego 2017", da Excma. Deputación de Lugo, publicado no BOP de Lugo número 74, de 30 de marzo de 2017, e o Convenio colectivo vixente para persoal laboral do Concello do Vicedo sobre condicións laborais e económicas, aprobado polo Pleno do concello o día 10 de xuño de 2009.



2º.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO.-

O cometido funcional deste posto de traballo consistirá na realización das tarefas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello do Vicedo, de acordo coas instrucións recibidas ao efecto.

3º.- DURACIÓN DO CONTRATO.-

O contrato asinarase baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada: obra ou servizo, a xornada completa (100%), desde o próximo día 16 de abril de 2018 ata o 15 de outubro de 2018, no horario que demande o servizo. Establécese un período de proba que será o que corresponda por lei.

4º.- RETRIBUCIÓN.-

As retribucións serán as correspondentes ó grupo E, complemento de destino 10.

5º.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS.-

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.

- Ter cumprido os 16 anos e non superar a idade establecida para a xubilación forzosa.

- Estar en posesión da titulación de estudos primarios ou certificado de escolaridade.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

- Declaración xurada do aspirante de non haber traballado para este concello máis de 18 meses dentro dos últimos 30 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, e os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto dos ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado.

Estes requisitos deberán acreditarse antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

A persoa seleccionada deberá presentar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

6º.- SOLICITUDES.-

Quen desexa participar no concurso-oposición, deberá presentar instancia acompañada da documentación que xustifique reunir os requisitos esixidos na base quinta, no rexistro xeral do Concello do Vicedo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do Concello do Vicedo, ademáis deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.



7º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

O prazo de presentación de solicitudes queda aberto desde o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e por un período de dez días naturais.

8º.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

Rexistro xeral do Concello do Vicedo ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do Concello do Vicedo, ademais deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.

Se a solicitude se presenta noutros rexistros habilitados a documentación que se acompaña deberá ser en orixinal, ou fotocopia cotexada ou compulsada, sen perxuízo de que antes da súa contratación se lle poida requirir a documentación orixinal.

No caso de presentar a documentación neste concello, deberán traer a documentación orixinal.

Por resolución da Alcaldía acordarase a admisión e exclusión dos candidatos e publicarase no taboleiro de edictos da Corporación, na páxina web do concello e no blog de emprego do Concello do Vicedo: empregovicedo.blogspot.com, sinalándose un prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación, para subsanar erros. Con indicación, igualmente, do día e hora na que terá lugar a valoración da fase de concurso e proba de selección; tamén se designará a composición do órgano de selección.

De non existir aspirantes excluídos, elevarase a definitiva esta lista provisional na mesma resolución de aprobación.

A lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional no prazo máximo de dous días hábiles contados desde o remate do prazo de alegacións.

9º.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN.-

O Tribunal de valoración designarase e farase público xunto coa lista definitiva de admitidos e excluídos provisional.

Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou axeitado, que actuarán con voz pero sen voto.

O dito tribunal estará facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e problemas que poidan xurdir.

10º. – SISTEMA DE SELECCIÓN. –

a) Fase de oposición: consistirá na realización das seguintes probas:

- Proba práctica: Esta fase consistirá na realización dunha proba de desbroce, valorándose ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario acadar 5 puntos para superar a proba, e pasar a seguinte proba de coñecementos.



Para a realización da proba poderán traer maquinaria propia si así o desexan, sen perxuício de que o concello llela facilite.

- Proba de coñecementos: consistirá na contestación oral a dez preguntas formuladas polo Tribunal de Valoración, (agás as relacionadas con coñecementos básicos de cálculo matemático) relacionadas co temario que figura no Anexo I, outorgándose un punto por cada pregunta contestada correctamente, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

b) Fase de concurso:

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso ós aspirantes que superen o exercicio anterior.

Puntuación de méritos:

- Por experiencia en traballos iguais ou semellantes:

- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na administración pública, ata 1 punto; outorgarase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral.
- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na empresa privada, ata 0,50 puntos; outorgarase a puntuación de 0,05 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral.

Toda esta documentación deberá presentarse antes do remate do prazo para presentación de instancias. A falla de acreditación dos méritos alegados, determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal de Valoración, nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias, xa que non poderán subsanarse. Tampouco se requirirá ós interesados para que os acrediten.

No caso de que o número de aspirantes declarados aptos polo tribunal de valoración fose superior ao número de postos de traballo convocados, acudirse para dirimila á outorgada na proba práctica da fase de oposición. De persistir o empate, o Tribunal reiterará a proba de coñecementos cos aspirantes declarados aptos de igual puntuación ata eliminar aqueles que excedan do número de postos de traballo convocados (2), quedando o resto en lista de espera, ós efectos de renuncia, baixas ou calquera outra continxencia, sendo requerido o traballador que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

11. - RESOLUCIÓN. -

A resolución do concurso e o nomeamento farase polo Presidente da Corporación municipal, por proposta do Tribunal cualificador.

12.- NORMA FINAL.-

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.



ANEXO I

- 1.- Organización municipal. O Alcalde: atribucións. O Pleno: atribucións. A Xunta de Goberno Local: atribucións.
- 2.- Especial coñecemento do Concello do Vicedo e comarca:
 - Parroquias.
 - Lugares.
 - Praias, ríos, illas, montes.
 - Rutas e lugares de interese turístico.
 - Comarca natural da Mariña Luguesa: concellos e ríos principais
- 3.- Coñecementos básicos en materia de cálculo matemático: sumas, restas, multiplicacións, división, quebrados, porcentaxes, raíces cuadradas, promedios e cálculo de superficies de polígonos.
- 4.- Coñecementos básicos en materia de xeografía española e da península ibérica: capitais, provincias, comunidades autónomas, montes, ríos e accidentes xeográficos.
- 5.- Coñecementos básicos en materia de lingua galega e castelá: conxugación de verbos, sinónimos, antónimos e ortografía.

2º.- Convocar públicamente a quen desexe participar nas citadas probas selectivas.

3º.- Ordear a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo (Base 8ª.4 do Plan único de cooperación cos concellos), no taboleiro de edictos da Corporación, na páxina web do concello e no blog de emprego do concello: empregovicedo.blogspot.com, e realizar cantos trámites sexan necesarios para o dito fin.

Mándao e asíno o Sr Alcalde - Presidente; no Vicedo a dezaseis de febreiro de dous mil dezaioito.

O Alcalde,



Ante min,
O Secretario



D/DÑA....., con DNI, con
domicilio, e teléfono de
contacto:.....

DECLARA:

1º.- Que coñece as bases de data 16/02/2018, para a contratación laboral temporal por parte do Concello do Vicedo, e mediante concurso-oposición, de dous PEÓNS DE MANTENIMENTO DE ZONAS NATURAIS, a xornada completa, con adscrición ao servizo de obras e mantemento do Concello do Vicedo, subvencionada ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2017, “Programa Depuemprego 2017”, da Excm. Deputación de Lugo, publicado no BOP de Lugo número 74, de 30 de marzo de 2017.

2º.- Que cumpre os requisitos mínimos establecidos para os candidatos na base 5, e que aporta documentación que o xustifica.

3º.- Que aporta documentación xustificativa dos seguintes méritos alegados:

-
-
-
-

E por todo o exposto anteriormente,

SOLICITA:

Ó Sr. Alcalde-Presidente, que se teña en consideración a súa candidatura os efectos da participación no antedito proceso de selección.

O Vicedo, a de do 2018

Fdo.:

Ó SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO

D. /Dña....., con DNI.....,
e domicilio en.....

En relación coa contratación laboral temporal por parte do Concello do Vicedo, e mediante concurso-oposición, de dous PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS, a xornada completa, con adscrición ao servizo de obras e mantemento do Concello do Vicedo, subvencionada ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2017, “Programa Depuemprego 2017”, da Excma. Deputación de Lugo, publicado no BOP de Lugo número 74, de 30 de marzo de 2017, segundo as bases de data 16/02/2018.

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Non haber traballado para este concello máis de 18 meses dentro dos últimos 30 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, e os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto dos ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado.

O Vicedo, a dedo 2018.

Fdo.